

## IDADE ANTIGA EN ESPAÑA

Comeza coa invención da escritura.

No primeiro milenio antes de Cristo habitaban na península dous pobos:

- Os iberos
- Os celtas/ celtiberos

Despois, polo Mediterráneo, chegaron outros pobos colonizadores:

- Os fenicios
- Os gregos
- Os cartaxineses
- Os romanos

### 1. OS IBEROS

- Vivían polo sur e o leste da Península.
- Organizábanse en tribos, algunhas estaban gobernadas por un rei.
- As súas casas eran rectangulares.
- Dedicábanse á agricultura e á gandería. Tamén eran artesáns, fabricaban espadas de ferro, recipientes de cerámica, tecidos de la e liño.
- Utilizaban a súa propia moeda e comerciaban cos fenicios.

### 2. OS CELTIBEROS

- Eran un conxunto de pobos de orixe celta (vascóns, cántabros, galaicos... os celtas viviron na idade de Ferro) que ocupaban as terras da Meseta e da costa atlántica.
- Vivían en poboados amurallados situados en lugares altos chamados castros formando tribos.
- As súas casas eran circulares e distribuídas desordenadamente.
- A sociedade castrexa organizábase: en primeiro lugar, a familia; despois, o castro e, finalmente, o populum que agrupaba varios castros.
- A sociedade estaba xerarquizada debido a unha distribución da riqueza moi desigual.
- Adicábanse á gandería aínda que tamén cultivaban cereais e legumes.
- Eran bos fabricantes de obxectos de metal.
- Galicia estivo ocupada polos galaicos.

### 3. OS FENICIOS

- Chegaron a Península polo século VII a. C. Procedentes de Asia. Viñan buscando ouro e prata.
- Eran hábiles navegantes e excelentes comerciantes.

- Instaláronse na costa andaluza.
- Fundaron cidades como Gadir (Cádiz) ou Malaka (Málaga).

#### 4. OS GREGOS

- Chegaron a Península cara o século VI a. C. Procedentes de Grecia.
- Instaláronse pola costa mediterránea.
- Interesáballes os metais, o sal e o esparto da Península.
- Fundaron colonias como Rhode (Rosas, en Cataluña), Emporion (Ampurias, en Cataluña) ou Sagunto (en Valencia).

#### 5. OS CARTAXINESES

- Chegaron á Península cara o século III a. C. procedentes de África.
- Instaláronse nas illas Baleares e no leste da Península.
- Fundaron colonias como Ebyssos (Ibiza) e Cartago (Cartaxena, na rexión murciana).
- Pretendían conquistar territorios para aumentar o seu poder no Mediterráneo, pero os romanos non estaban dispostos a permitilo, por iso enfrontáronse. Venceron os romanos e expulsaron aos cartaxineses da Península.

### OS ROMANOS

Querían conquistar todo o Mediterráneo. Os seus principais rivais eran os cartaxineses, que tamén querían controlar o Mediterráneo. Romanos e cartaxineses enfrontáronse nas guerra púnicas (tres guerras acontecidas entre o ano 264 a. C. e o ano 146 a. C.).

No ano **218 a. C.** os romanos desembarcaron en Ampurias (comeza a conquista). En pouco tempo venceron ao exército cartaxinés, dirixido por Aníbal Barca (<https://www.rtve.es/infantil/serie/lunnis/video/videoclip-anibal/3814122/> ; <https://www.youtube.com/watch?v=FzHTgzDjt4E> ), e iniciaron a conquista da Península:

- Primeiro, conquistaron a costa mediterránea e os vales do Ebro e do Guadalquivir.
- Despois, iniciaron a conquista da Meseta e as terras do oeste onde os lusitanos e os celtiberos ofreceron unha grande resistencia. Os lusitanos foron vencidos cando o seu caudillo, Viriato, foi asasinado polos seus propios xenerais no ano 139 a. C. Os celtiberos foron derrotados cando a súa cidade, Numancia (en Soria), foi arrasada no ano 133 a. C.
- Finalmente, no ano **19 a. C.** Conquistaron o norte (remata a conquista). Os galaicos, os cántabros, e os astures foron vencidos polo emperador Octavio Augusto, pero quedaron algúns pobos sen someter, como os vascóns. Galicia incorporouse ao imperio romano no ano **60 a. C.**

Os romanos chamaron a Península Ibérica **Hispania** e a incorporaron ao seu imperio. Para organizar o imperio os romanos dividírono en provincias, que quedaron baixo a autoridade dun gobernador. Cada provincia estaba obrigada a pagar impostos a Roma. Ao principio eran dúas provincias, despois tres e no século III d. C. creáronse cinco provincias:

- Bética
- Lusitania
- Tarraconense
- Gallaecia
- Cartaxinense

Os romanos implantaron en todo o territorio as leis do imperio romano. O **dereito romano** é a base de moitas leis que temos na actualidade.

A **sociedade** hispanorromana estaba organizada en:

- *Persoas libres*: homes e mulleres moi ricos, como os grandes comerciantes, os propietarios de extensas terras e as familias que procedían de Roma. Había persoas libres máis humildes como artesáns, pequenos comerciantes e propietarios agrícolas.
- *Os escravos*: eran propiedade doutra persoa e traballaban no campo no servizo doméstico, nas minas ou como gladiadores no circo.

O proceso polo que os hispanos adoptaron pouco a pouco os costumes dos romanos coñécese como **romanización**.

A romanización comezou cos lexionarios (soldados) que se estableceron nos poboados celtas e iberos transformándoos en **ciudades** romanas. En Galicia destacaron as cidades de Lucus Augusta (Lugo) e Btignantium (Betanzos).

Construíron **calzadas**, polas que circulaban persoas e mercadorías, para comunicar unhas cidades con outras. Tamén construíron **Vías** (Vía XVIII ou Vía Nova que pasaba por Trives para ir a Braga e a Astorga).

Ademais a poboación hispanorromana aprendeu o **latín** que substituíu as linguas que se falaban na Península. Só se mantivo unha lingua prerromana, o éuscaro.

A **relixión** tamén cambiou, ao principio os hispanos adoraban aos deuses romanos, cando Roma converteuse ao cristianismo tamén os hispanos o fixeron, xa que era a relixión oficial de todo o Imperio.

Os romanos eran excelentes construtores. Construían con dous novos materiais: o cemento e o formigón (mestura de pedras, cemento e area). Para decorar o chan e as paredes realizaban pintura ou elaboraban mosaicos a pase de pequenas pedras ou cristais de cores.

Da época romana son:

- A muralla de Lugo
- O acueduto de Segovia
- Diversas pontes como a de Ourense, a Ponte do Diabro (Tarragona)...
- Mosaicos como o da cidade de Itálica (Sevilla) ou o de Lugo.
- Termas, teatros...

Considérase o ano 476 d. C. como o ano da caída do Imperio Romano, dando fin a Idade Antiga e comezo a Idade Media.

ENLACES A VÍDEOS:

Vídeos sobre la romanización:

<https://www.youtube.com/watch?v=1APJB9odq3U>

<https://www.youtube.com/watch?v=1blR2eS26O8>

[https://www.youtube.com/watch?v=KgdV3CwPq\\_o](https://www.youtube.com/watch?v=KgdV3CwPq_o)

<https://www.youtube.com/watch?v=N982bf4PFRU>

Vídeo sobre el imperio romano:

<https://www.youtube.com/watch?v=ufEclRGXV6k>

Vídeo sobre a Idade Antigua:

<https://www.youtube.com/watch?v=7IizQbxRlhE>

Vídeo sobre pobos prerromanos

[https://www.youtube.com/watch?v=n\\_nieq5FW1k](https://www.youtube.com/watch?v=n_nieq5FW1k)

Página de Historia

<http://www.historiasiglo20.org/HE/1b.htm>